

RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2004

Ás 9.30 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno do Reitorado, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**.

1. INFORME DO REITOR

O Sr. Reitor da a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación económica, quen informa que o pasado 21 de maio acadouse un acordo co Comité de Empresa, órgano de representación do PAS laboral na UDC, sobre as condicións económicas para 2004 dentro do marco do convenio colectivo actualmente vixente.

Determinouse a imputación a créditos do exercicio 2004 de obrigas xeradas en exercicios anteriores por un importe global de 2.968.633,35 €, logo do informe favorable do Servizo de Intervención e ao abeiro da resolución aprobada en Consello de Goberno de 20 de abril de 2004.

Remitiuse ás universidades de Vigo e de Santiago e á Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria o Documento Base sobre o Plano de Financiamento, aprobado polo Consello de Goberno e sesión extraordinaria o 18 de maio de 2004.

Emitiuse unha instrución da Vicerreitoría de Estratexia e Planificación Económica sobre o uso da Folla de Pedimento. Malia que esta instrución, deseñada co asesoramento do Servizo de Intervención e do Coordinador de Xestión Económica, non introduce ningunha novidade en relación ao procedemento vixente, recopila, actualiza e lembra aspectos básicos sobre a folla de pedimento e asemade tenta incorporar os centros e, sobre todo, os servizos centrais á disciplina dos procedementos de gasto para evitar situacións non desexables de falla de control na xestión.

Finalmente, destinamos unha grande parte do tempo dos últimos meses a analizar a situación económica da UDC e a definir necesidades de gasto e dispoñibilidades financeiras para o 2004. Froito destas actividades, presentárase perante o Consello de Goberno durante o mes de xuño a liquidación do exercicio 2003 e o orzamento para 2004 para a súa aprobación.

O Sr. Reitor da a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa que reuniuse en dúas ocasións a Xunta Técnica do Servizo de Biblioteca, o 12 e o 25 de maio. Estableceuse o calendario para a migración do sistema informático actual ao novo (INNOPAC), en función do acordo asinado en decembro de 2003 co Consorcio Bugalicia. Iniciáronse os cursos de formación e para que a implantación non se interrompa nos meses de verán programáronse cursos do módulo de catalogación entre o 15 de xullo e o 15 de agosto. Segundo os períodos vacacionais do persoal das bibliotecas dos centros pode ser necesario cerrar un único día algún centro, o que se comunicará adecuadamente. Para prexudicar o menos posible aos estudantes fíxose esta programación antes do 15 de agosto, xa que a partir desta data é notable o incremento de usuarios nas bibliotecas. A implantación do novo sistema implica cambiar todos os

ordenadores das bibliotecas, o cal se asume de forma centralizada. Así mesmo, nas reunións coa Xunta Técnica informouse do plano de avaliación do Servizo de Bibliotecas, dentro dos planos de avaliación do Vicerreitorado de Calidade.

- No DOG de 7 de maio de 2004 publicáronse as axudas concedidas a esta universidade para a adquisición de infraestrutura científica, material bibliográfico e mantemento de equipos. Toda a infraestrutura concedida está incluída na axuda concedida á UDC dentro do plano FEDER 2003-2004 (BOE de 13 de agosto de 2003), co fin de cofinanciar o 30% que corresponde á universidade.

Así mesmo, dentro do plano FEDER 2000-2002, para o cal se concedera unha prórroga xa esgotada, e no que faltaban por xustificar uns 32000 € correspondentes a equipamentos do IMEDIR que se perderían, tras unha serie de xestións puidéronse manter para estes equipamentos

- Asemade, fíxose en tempo e forma a certificación esixida sobre execución do programa FEDER correspondente ao 15 de maio de 2004.

- Solicitóuselles aos departamentos a produción científica de 2003 para o reparto orzamentario de 2005. Neste caso utilizarase unha nova aplicación, que xa se viña desenvolvendo desde o ano pasado, de forma que a introdución de datos se fai desde os propios departamentos. Con isto preténdese evitar os erros que en moitos casos se producían. Isto supón un primeiro paso para que no futuro a introdución de datos se poida facer por áreas ou grupos de investigación.

- Xa está dispoñible a páxina web dos SXAIN para dar a coñecer á comunidade universitaria e á sociedade o que poden ofrecer. Así mesmo, coa instalación dun novo microscopio electrónico de transmisión realizouse unha presentación aos potenciais usuarios, respecto a aplicacións e prestacións. Preténdese seguir esta política coa instalación de novos equipos. Así mesmo irase realizando cos xa existentes. Todo iso irá acompañado dun programa de cursos de formación, protocolización de procedementos e xestión de calidade. Así mesmo, estase estudando que equipos poden ser utilizados polos investigadores da UDC en réxime de autoservizo, así como os mecanismo para facelo efectivo. Espérase que algúns equipos xa poidan estar neste réxime antes do verán.

- Por outra parte estase a proceder ás accións necesarias para o acondicionamento do novo edificio, debido ás deficiencias que presenta en varios aspectos.

O Sr. Reitor da a palabra á Secretaria Xeral, quen informa, en asuntos de PAS, de que con data 23 de maio se asinou un acordo coa Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos e todas as centrais sindicais nela representadas relativo ao calendario de promocións do PAS funcionario para o período 2004/2008. En asuntos xurídicos informa de que, tras un período de información reservada en que se levaron a cabo diferentes investigacións sobre viaxes realizadas no ámbito do Servizo de Extensión Universitaria no ano 2002, acordouse, con data de 14 de maio, a incoación de expediente disciplinario contra D. Xosé Fernández Fernández, sendo nomeado instrutor deste D. Carlos Aymerich Cano. Así mesmo, con data 23 de maio resolveuse o recurso de reposición interposto contra a resolución reitoral do 20 de decembro de 2003 por que se convoca concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos, anulando a citada convocatoria por contravir o ordenamento xurídico.

O Sr. Reitor da a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa da posta en marcha do Plano Director Docente 2004/2005 por parte do CUFIE, e da posibilidade de colaborar coas outras Universidades galegas para compartir esforzos neste ámbito. Informa tamén da convocatoria de Grupos departamentais de calidade, da resolución dos Premios de Innovación educativa e da sinatura do acordo coa Xunta de Galicia que permite iniciar o plano Wi-Fi e Uniporta.

O Sr. Reitor da a palabra ao Sr. Xerente, quen informa da próxima toma de posesión do Vicexerente do Campus de Ferrol e da integración do persoal laboral do INEF no Convenio colectivo da UDC.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA, CELEBRADA O 20 DE ABRIL DE 2004, E EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 18 DE MAIO DE 2004

Apróbanse por asentimento as actas das sesións do Consello de Goberno ordinaria do día 20 de abril de 2004, e extraordinaria, do día 18 de maio de 2004.

3. APROBACIÓN DE CONVENIOS

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO III** desta Acta.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

4. PROPOSTAS DE CAMBIO DE ÁREA, LICENZAS E COMISIÓNS DE SERVIZOS

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as propostas de cambio de área de D. Fernando del Valle-Inclán, da área de Psicobioloxía (Departamento de Psicología) á área de Psicología Básica (Departamento de Psicología); D. Antonio Salamanca Jiménez, da área de Mecánica de Fluídos (Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica) á área de Construcións Navais (mesmo Departamento); e D. Pablo Fariñas Alvariño, da área de Construcións Navais (Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica) á área de Mecánica de Fluídos (mesmo Departamento). Tamén informa sobre a licenza solicitada por D. Antonio Izquierdo Escribano, a comisión de servizos de D. Carlos Oteo Mazo e os anos sabáticos solicitados por D. Benjamín González Rodríguez e D. Juan Carlos Gómez Blanco.

Estes cambios de área, as licenzas e a comisión de servizos figuran no **ANEXO IV**. Son **aprobados** por asentimento.

5. OFERTA DE MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN PARA O CURSO 2004/2005

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a oferta de materias de libre elección cuxa relación figura no **ANEXO V**. Esta oferta **apróbbase** por asentimento.

6. MODIFICACIÓN DO PLANO DE ESTUDOS DO TÍTULO PROPIO DE GRADUADO SUPERIOR EN XESTIÓN DA PREVENCIÓN E DA CALIDADE

Apróbbase por asentimento a modificación do Plano de Estudos do título propio de Graduado superior en xestión da prevención e da calidade. O plano modificado figura no **ANEXO VI**.

7. PROPOSTA DE REGULAMENTO DE AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN

O Sr. Vicerreitor de Estudantes informa sobre a proposta de regulamento de avaliación por compensación. Ábrese un debate.

A proposta, que se achega no **ANEXO VII**, **apróbbase** por 36 votos a favor e 2 en contra.

8. PROPOSTA DE NORMATIVA SOBRE ESPAZOS SEN FUME

O Sr. Vicerreitor de Estudantes informa sobre a proposta de normativa sobre espazos sen fume. Ábrese un debate.

A proposta, que figura no **ANEXO VIII**, **apróbbase** por unanimidade.

9. COBERTURA DAS VACANTES PRODUCIDAS NA COMISIÓN DE BIBLIOTECAS

A Secretaria Xeral informa da existencia de dúas vacantes na Comisión de Bibliotecas, unha correspondente a un representante dos estudantes de 1º ou 2º ciclo e a outra a un representante dos/as directores/as de bibliotecas de centros ou intercentros, e de que o procedemento para a elección de membros da Comisión, establecido na Xunta de Goberno de 20 de decembro de 2001, é o seguinte: “para a elección dos membros da Comisión de Biblioteca procederase a elaborar unha lista por cada sector en que figuren os nomes propostos por, polo menos, cinco membros da Xunta de Goberno e realizarase a votación. Cada membro da Xunta de Goberno poderá dar o seu voto a un máximo de candidatos de cada lista non superior ao setenta por cento do número de postos a cubrir. Para o nomeamento dos membros da Comisión teranse en conta as condicións esixidas na súa composición. No caso de empate darase preferencia ao de maior antigüidade na Universidade da Coruña e no caso de persistir o empate ao de maior idade”.

A Sra. Vicerreitora de Investigación informa que propondrá polo sector de directores/as de bibliotecas á persoa elixida polos directores, que é D^a. María José Lobeiras Fernández.

Aberto o prazo de presentación de candidaturas avaladas por polo menos cinco membros do Consello de Goberno, preséntanse as seguintes: polo sector de estudantes, D^a. María Dolores Vilariño Suárez; polo sector de directores de bibliotecas, D^a. María José Cobeiras Fernández. As propostas de candidaturas achéganse no **ANEXO IX**.

Ao existir unha única persoa candidata por cada sector, a Secretaria Xeral propón prescindir da votación, o que se acepta. Os candidatos son elixidos como membros da Comisión de Bibliotecas por asentimento.

10. PROPOSTA DE CAMBIO DE NOME DA OFICINA DE ACCIÓN SOLIDARIA

O Sr. Vicerreitor de Comunicación e Extensión Universitaria informa da proposta de cambio de nome da OAS polo de Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV).

A proposta **apróbbase** por asentimento.

11. PROPOSTA DE EQUIPARACIÓN RETRIBUTIVA DOS DIRECTORES E SECRETARIOS DE INSTITUTOS UNIVERSITARIOS DE INVESTIGACIÓN E DE REDUCCIÓN DOCENTE DOS DIRECTORES

O Sr. Reitor informa da recepción dun fax asinado por todos os Directores de institutos universitarios da Universidade da Coruña solicitando a retirada deste punto da orde do día, polo que o retira para presentalo nun Consello posterior.

12. PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS REFERIDAS AOS COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS DO PROFESORADO NA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO

Apróbbase por asentimento delegar as competencias referidas aos complementos autonómicos do profesorado na COAP.

13. PROPOSTA DE NORMATIVA POR QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR INTERINO E LABORAL CONTRATADO

Tras o informe do Sr. Vicerreitor de Profesorado, e logo dun debate, **apróbbase** por asentimento a normativa por que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado que figura no **ANEXO X**.

14. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA QUENDA DE TARDE Á DE MAÑÁ DA PRAZA DE SECRETARIO DE DIRECCIÓN DA ESCOLA DE ENFERMERÍA DE FERROL

A Secretaria Xeral retira este punto por ser necesario o informe preceptivo do Consello Social.

15. NOMEAMENTOS E CESAMENTOS

A Secretaria Xeral informa que se procederá ao nomeamento de D. Ignacio Pérez Pascual como Director do Servizo de Publicacións.

16. PROPOSTA DE BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAS DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL QUE PRESTARÁ SERVIZOS COMO AXUDANTES DE BIBLIOTECA

As bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a constitución de listas de agarda para a contratación temporal de persoal que prestará servizos como axudantes de biblioteca, que figuran no **ANEXO XI**, **apróbbase** por asentimento.

17. PROPOSTA DE BASES QUE REXERÁN O CONCURSO DE MÉRITOS PARA A PROVISIÓN DE DIVERSOS POSTOS DE TRABALLO CORRESPONDENTES AO PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

As bases que rexerán o concurso de méritos para a provisión de diversos postos de traballo correspondentes ao persoal funcionario de administración e servizos, contidas no **ANEXO XII**, **apróbbase** por asentimento.

18. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO PRESENTADO POR D^a. MARÍA GUILLÉN SOLÓRZANO CONTRA UNHA CUALIFICACIÓN

Tras un debate, **apróbbase** por asentimento rexeitar o recurso presentado, entendendo que o procedemento de revisión seguido foi correcto e que o exame xa foi valorado por unha comisión independente.

19. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DOS RECURSOS PRESENTADOS CONTRA A PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE LICENCIADO DO CURSO 2002/2003

Apróbbase por asentimento resolver os recursos presentados en sentido denegatorio.

20. PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE LICENCIADO DO CURSO 2002/2003 DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Apróbase por asentimento a proposta de concesión de Premios extraordinarios de Licenciado do curso 2002/2003 presentada pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais.

21. DEBATE SOBRE A POSICIÓN ADOPTADA POLA UNIVERSIDADE NO CONTENCIOSO SOBRE A RPT

O Sr. Pérez Roel informa que solicitou a inclusión deste punto da orde do día recollendo a petición formulada por un sector do PAS. Os Sres. Arcay Varela e García-Pita y Lastres afirman que o Reitor debe defender a validez dos acordos do Consello de Goberno e do Consello Social, executalos e non posicionarse fronte a eles, que debe respectarse a presunción de validez dos actos administrativos e que non foi correcto solicitar un aprazamento da vista polo feito de ter tomado posesión os membros do equipo de goberno pouco tempo atrás. A Secretaria Xeral contesta que o Reitor debe defender a legalidade, segundo dispoñen os Estatutos, polo que se considera que un acordo que non respecta a legalidade non se pode defender en xuízo; que só ao Reitor compete representar xudicialmente á universidade en toda clase de actos ou negocios xurídicos, segundo dispoñen os Estatutos, polo que é competente para chegar a un acordo cos recorrentes, e isto non significa que o sexa para anular a RPT, porque nunca se pretendeu que o Reitor a anulara, competencia que só ten o xuíz; que é lóxico pedir un aprazamento para estudar un asunto da importancia da RPT; que se respecta a presunción de validez dos actos administrativos, do que é mostra que a RPT do 2003 está sendo aplicada, poñendo como exemplo as bases do concurso de traslados aprobadas neste Consello; e que a importancia de todo o asunto é moi relativa, porque se están a iniciar as negociacións para elaborar unha nova RPT para este ano.

O Sr. Arcay Varela pregunta se a universidade vai recorrer contra o fondo da sentenza, e a Secretaria Xeral contesta que só se recorren as costas, e que non lle consta se os recorrentes presentaron tamén un recurso de apelación.

22. ROGOS E PREGUNTAS

Fálase de cuestións referidas á calidade dos centros da Universidade, ao orzamento e á duración do Consello.